

A COLEXIATA DE SAR

A Colexiata de Sar é unha igrexa moi antiga. Un monumento moi importante, que dá nome ao barrio onde se atopa, e tamén á mesma rúa.



Está, como se pode adiviñar na rúa de Sar do barrio de Sar, en Santiago de Compostela.

Preto desta Colexiata, ademais da igrexa, había ata fai moi pouco, un colexio, que se chamaba igual,



pero que dende fai uns anos, pasou a formar parte do actual colexio **Ramón Cabanillas**: o meu colexio.

Este monumento (igreja) (fíxose no 1134(século XII)

O estilo arquitectónico no que se construiu



ARCOS DE MEDIO PUNTO

é o **ESTILO ROMÁNICO**, que se caracteriza polos arcos de medio punto, a bóveda de canón, os contrafortes, as paredes moi grosas, as fiestras pequenas, que apenas deixan pasar a luz; os rosetóns na fachada e un aspecto

de solided.



CONTRAFORTE



COLUMNAS



STRAS PEQUENAS



No seu adro (terreo darredor dela) hai un cruceiro moi bonito e tamén un hórreo ou cabazo.

Preto dela está tamén a ponte románica e o río Sar.



PONTE DE SAR



COLUMNAS TORTAS

A esta igrexa hai persoas que lle chaman **a igrexa das columnas tortas**, porque algunhas columnas do interior están inclinadas.

ANAS SHAKHSA SHAKHSA-3º B

Fotos: Wikicommons.